



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 10 DE XULLO DE 2015.

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

PUNTO 1º.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 13-06-2015.

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da Sesión Constitutiva celebrada o día 13-06-2015.

PUNTO 2º.- APROBACIÓN PERIODICIDADE DAS SESIÓN ORDINARIAS DO CONCELLO PLENO.

Dada conta da Moción da Alcaldía-Presidencia, de data 3 de xullo de 2015 que seguidamente se transcribe:

MOCION DA ALCALDIA.

Os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e do artigo 20 do Regulamento Orgánico da Corporación, esta Alcaldía presenta a seguinte proposta:



Primeiro: Que o Concello Pleno celebre as sesións ordinarias de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e do artigo 20 do Regulamento Orgánico con carácter mensual, os últimos xoves d emes, ás 10,30 horas do medio día. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, celebrarase o seguinte xoves.

Segundo.- Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o xoves día 30 de xullo, celebrándose a continuación o último xoves de cada mes.

Terceiro.- No mes de agosto, en función dos asuntos a tratar, a Alcaldía poderá prescindir da convocatoria do pleno ordinario.”

Sometida a votación a proposta o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 3º.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta do Escrito presentando por D. Emilio Mesias Farías con data 15 xuño de 2015 e número de rexistro de Entrada 2183, polo que se comunica a Constitución do Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, e se designa como Portavoz a D. Emilio Mesias Farias e como portavoces suplentes a D. Angel Miguel Fernández Permuy e Dª Cristina Cadena Freire.

Dase conta do escrito presentando por D. Luis Cendán Fernandez con data 15 de xuño de 2015 é número de rexistro de Entrada 2184, polo que se comunica a constitución do Grupo Municipal Nueva Alianza (NAL) e se designa como Portavoz do mesmo a D. Luis Cendán Fernández.

Dase conta do escrito presentado por D. Gustavo Pita Carballeira, con data 15 de xuño de 2015 e número de rexistro de entrada 2185, polo que se comunica a constitución do Grupo Municipal Son de Ares e se designa como portavoz do mesmo a D. Gustavo Pita Carballeira.

Dase conta do escrito presentada por Dª Josefina Martínez Martínez e D. Ricardo Jose Lage Fernández, con data 18 de xuño de 2015 e número de rexistro de entrada 2230, polo cal comunican a constitución do Grupo Municipal Partido Popular, e designan como Portavoz a Dna. Josefina Martínez Martínez e suplente a D. Ricardo José Lage Fernández.

Dase conta do escrito presentado por D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Dª Victoria Montenegro Paz, D. José Eugenio Fernández Lago, Dna. Olimpia Marcos García e D. José Juan Vilar Rico, con data 18 de xuño e número de rexistro de entrada 2237, polo cal comunican a constitución en Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e designan como portavoz do mesmo a Dª Olimpia Marcos García e como suplente a Dª Victoria Montenegro Paz.



Interven o Sr. Mesias Farías, manifestando que o NAL e Son de Ares non se poden constituir como grupos de deberían ir o Grupo Mixto.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dase conta da proposta da Alcaldía, relativa a creación e composición das Comisións Informativas Permanentes que seguidamente se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DE CONTAS.

Esta Alcaldía en uso das facultades previstas no artigo 20.1 letra c) da Lei 7/1985, de 2 de abril na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a fin de dar cumprimento ó disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 18 do Regulamento Orgánico, propon ao Pleno da Corporación oída a Xunta de Portavoces a adopción do seguinte acordó :

Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, asemade como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostentes delegacións :

1.- COMISIÓN DE FACENDA-PERSOAL, TURISMO-COMERCIO E INDUSTRIA E CONTAS.

A) Atribucións ou materias

Facenda, tributos, orzamento, expedientes de modificación de crétos , operacións de préstamos, contribucións especiais, conta xeral

B) Número de membros : 6 (P.SdeG-P.S.O.E. : 2) (P.P. : 1) (B.N.G. : 1) (NAL. : A elixir tres comisións) (SON DE ARES : A elixir tres comisións).



C) Periodicidade: Mensual.

2.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS E EMPREGO.

A) Atribucións ou materias Servizos de Saúde-Sanidade pública, protección-atención de menores, servizos sociais, muller, asistencia-protección á muller, C.I.M., ludoteca, parques infantís, terceira idade, dependencia, axudas de emerxencia, actividades-coloquios-charlas-simposiums dirixidas á infancia, xuventude e terceira idade.

B) Número de membros : 6(P.SdeG-P.S.O.E. : 2) (P.P. : 1) (B.N.G. : 1) (NAL.: A elixir tres comisións) (SON DE ARES : A elixir tres comisións).

C) Periodicidade: Mensual.

3.- COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTES, EDUCACIÓN E PATRIMONIO.

A) Atribucións ou materias

Festexos, organización de actividades culturais, colaboración con entidades culturais, exposicións, axencia de lectura, información xuvenil, ensino, patrimonio : inventario, calificacións-desafectacións, inventario, adquisición-enaxenación, disfrute e aproveitamento de bens municipais, educación, organización, promoción e divulgación de políticas de educación, colaboración co C.E.I.P. Conde de Fenosa e Rede Infantil "Galiña Azul", actividades escolares.

B) Número de membros : 6(P.SdeG-P.S.O.E. : 2) (P.P. : 1) (B.N.G. : 1) (NAL.: A elixir tres comisións) (SON DE ARES : A elixir tres comisións).

C) Periodicidade: Mensual.

4.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

A) Atribucións ou materias :

Seguimento-adaptación Plan Xeral de Ordenación Municipal, Instrumentos de desenrolo (Planeamento de desenrolo), Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbán, etc), disciplina urbanística, ordes de execución, expedientes contradictorios de ruina, licenza urbanísticas, licencias de 1ª ocupación, autorizacións de ocupación dominio público, plans-programas de



inversións locais e obras municipais, expropiacións, recollida e eliminación de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, rede de sumidoiros e augas residuais, limpeza, coidado e mantemento de zonas verdes, xardíns, etc.

B) Número de membros : 6 (P.SdeG-P.S.O.E.: 2) (P.P.: 1) (B.N.G. : 1) (NAL.: A eelixir tres comisións) (SON DE ARES : A eelixir tres comisións).

C) Periodicidade: Mensual.

5.- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE.

A) Atribucións ou materias

Obras ordinarias, repetitivas e de escasa entidade, mantemento de instalacións municipais, servizos e seguridade (Policía local, protección civil), servizo de obras e mantemento de vías e instalacións públicas de alumeadado,

B) Número de membros : 6(P.SdeG-P.S.O.E. : 2) (P.P. : 1) (B.N.G. : 1) (NAL.: A eelixir tres comisións) (SON DE ARES : A eelixir tres comisións).

C) Periodicidade: Mensual.”

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesias Farias, presenta a seguinte proposta:

Resultados Electorais e aplicación de prooporcionalidade e representación.

	VOTOS	% VOTOS	Concelleir@s	Grupo Municipal	% sobre Pleno
PSOE	1220	36,78%	5	GM PSOE	38,46
PP	836	25.20%	3	GM PP	23.08
BNG	658	19.84%	3	GM. BNG	23.08
NAL	278	8.38%	1	GM MIXTO	15.38
SON	262	7.09%	1		

Comisións Informativas:

Grupos	COMISIONS					ToTal Concelleir@s	%
	Nº 1	Nª 2	Nº 3	Nº 4	Nº 5		
GM PSOE	3	2	2	3	2	12	38.71
GM PP	2	2	2	1	1	7	22.58
GM BNG	1	1	1	2	1	7	22.58
GM MIXTO	1	1	1	1	1	5	16.13
TOTAL COM	7	6	6	7	5	31	100



A voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta a seguinte proposta:

COMISIONS	PSOE	PP	BNG	NAL	SON ARES	TOTAL
1	3	1	2	1		7
2	3	2	2	1		8
3	3	2	2	1	1	9
4	3	2	2		1	8
5	3	2	1		1	7
GRUPOS	15	9	9	3	3	39
% GRUPOS	38.46	23.08	23.08	7.69	7.69	

Sometida a votación a proposta do BNG o Pleno da Corporación por 3 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL , 1 SON DE ARES), e 3 abstención do Partido Popular, acorda rechazar a proposta.

Acto seguinte sometese a votación a votación a proposta do Grupo Municipal Popular, e o Pleno do Concello por 3 votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL , 1 SON DE ARES), e 3 abstencións do BNG, acorda rechazar a proposta.

Finalmente sometese a votación a proposta da Alcaldía e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 6 votos en contra (3 do Partido Popular e 3 do grupo municipal do BNG) acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 5º.- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Dase conta da proposta da Alcaldía, sobre a composición da Mesa de Contratación que seguidamente se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

COMPOSICIÓN MESA DE CONTRA TACIÓN

En virtude do establecido no artigo 320 do Real Decreto Lexilslativo 3/2011, de 14 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Disposición Adicional Segunda "Normas específicas de contratación ñas Entidades Locáis" e dos artigos 21 e 22 do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 327 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local



de Galicia, crease a MESA DE CONTRATACIÓN como órgano de asistencia ao Pleno do Concello coas seguintes funcións e composición :

- Asistir ó órgano de contratación para a adxudicación de contratos nos procedementos abertos, restrinxidos ou procedementos negociados con publicidade a que se refire o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. Os membros titulares caso de inasistencia por imposibilidade, serán substituídos polo membro do seu grupo designado polo titular.

COMPOSICIÓN

PRESIDENTE : Sr. Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.

VOGAIS: Dn^a. Olimpia Marcos García en representación do P.SdeG-P.S.O.E.

Dr^a\ Josefina Martínez Martínez, en representación do P.P.

Dn. Emilio Mesias Farías, en representación do B.N.G.

Dn. Luis Cendán Fernández, en representación de Nueva Alianza.

Dn. Gustavo Pita Carballeira en representación de Son de Ares.

Dn. Benito José Calvo Castro. Técnico Municipal ou Alfonso Pórtela Martínez.

Dn. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario da Corporación con funcións de sesoramento xurídico.

SECRETARIO: Dn. José Ángel Carballo Feijoo, funcionario administrativo do Concello.

Sometida a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 6º.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS DE COMPETENCIA PLENARIA: CPI CONDE DE FENOSA E COSTA NOROESTE.

Dase conta do nomeamento de representantes da Corporación en Organos Colexiados de Competencia Plenaria.



Designandose para o CPI Conde de Fenosa a D. José Eugenio Fernández Lago, e como suplente a D^a Olimpia Marcos García, e en Costa Noroeste ó Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 7º.- COÑECEMENTO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE E MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO MUNICIPAL, E DELEGACIÓNS EFECTUADAS POLA ALCALDÍA.

Dase conta das Resolucións da Alcaldía núm 292 e 293 relativas a nomeamentos de Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Municipal e Delegacións Efectuadas pola Alcaldía que seguidamente se transcriben:

RESOLUCIÓN 292/2015

Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 43 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobábase o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 17 e 19 do Regulamento Orgánico,

Resolvo:

Primeiro.- Designar membros da Xunta de Goberno Local ós señores:

Don José Eugenio Fernández Lago.

Don José Juan Vilar Rico.

Segundo.-A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente ó alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións, que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:

1) Disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas que corresponden ó desenvolvemento normal do presuposto, cando a súa contía exceda de 21.780,00 euros e os expresamente previstos ñas bases de execución do presuposto, asemade como as certificacións de obras cando a súa contía exceda de 21.780,00 euros.



- 2) Concesión de licencias urbanísticas.
- 3) Aprobación de padróns fiscais.
- 4) Aprobación de acometidas de auga e rede de sumidoiros.

5) As contratacións respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do preposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o seu importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do preposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

6) A aprobación dos proxectos de obras e servizos da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no preposto.

7) Reclamacións de responsabilidade patrimonial.

8) A adjudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á legislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do preposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enajenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e celebrará sesión ordinaria coa seguinte periodicidade: semanal, os xoves.

Cuarto.- Aos efectos de cumprir o prazo de dez días previsto no R.D. 2568/1986, procederáse á sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local o vindeiro xoves, día 25 de xuño de 2015.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 52.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobábase o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Mándao e asina o señor Alcalde-Presidente, en Ares, 22 de xuño de 2015, do que eu secretario, dou fe.”

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 293/2015

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE, deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de



novembro, polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde ós Concelleiros seguintes :

1º Tenente de Alcalde : Dn. JOSÉ EUGENIO FERNÁNDEZ LAGO.

2º Tenente de Alcalde : Dn. JOSÉ JUAN VILAR RICO.

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderálles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e polo orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que He imposibilite para o exercicio das súas atribucións, asemade como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Quedan facultados por Delegación desta Alcaldía, para asinar certificados de todo tipo (empadronamento, acordos xunta Gobernó Local, Pleno, etc.) en ausencia desta Alcaldía coa finalidade de axilizar as peticións a instancia de parte ou de oficio, e actos de trámite tanto a instancia de parte como de oficio perante particulares ou Administracións públicas, Organismos ou Entes dependentes deles.

Segundo.- Da presente Resolución daráse conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademáis persoalmente ós designados, e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación.

O manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a 22 de xuño de 2015, do que eu Secretario dou fe.”

O Concello Pleno por unanimidade dase por enterado.

PUNTO 8.- DELEGACIÓN DO CONCELLO PLENO NA ALCALDÍA “EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS E A DEFENSA DA CORPORACIÓN EN MATERIA DE COMPETENCIA PLENARIA”.-

Dase conta da proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDIA:

Esta Alcaldía-Presidencia coa finalidade de axiliar os procedementos e en especial de personamento en acción xudiciais propón a delegación por parte do Pleno da Alcaldía ó teor do artigo 22.4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, 64.4 da Lei 5/1997 a seguinte competencia:



“O exercicio de acción xudiciais e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria”.

Interven o Sr. Mesias Farias, e propón que siga sendo competencia Plenaria.

Sometida a votación a proposta do Sr. Mesias Farías, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor (3 BNG e 3 PP) e 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), acorda rechazar a proposta do Sr. Mesias Farias.

Acto seguinte sometese a votación a proposta da Alcaldía-Presidencia e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE 1 NAL e 1 SON DE ARES) e 6 votos en contra (3 BNG e 3 PP), acorda prestarlle a súa aprobación á proposta da Alcaldía en en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

Delegar na Alcaldía-Presidencia, o exercicio de acción xudiciais e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo doce horas e coarenta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,